



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE LUGO PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DOS INMOBLES ECLESIASTÍCOS INCLUÍDOS NO ANEXO DE INTERVENCIÓNS VINCULADAS AO PRESENTE CONVENIO

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra, Mons. D. _____, actuando en representación da Diocese de Lugo, en virtude da súa condición de Bispo, titular e responsable da diocese.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: Que conforme o artigo 4º do *“Convenio de Colaboración entre os bispos das dioceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa”*, formalizado polo “Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia” asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.



Terceiro: Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dentro dos ámbitos da súa competencia, ten establecido un plan de investimentos a realizar co obxecto de conservar, restaurar e poñer en valor o patrimonio cultural de Galicia, colaborando así cos seus propietarios e xestores, que se comprometen a poñer a disposición da sociedade o seu patrimonio cultural e a mantelo e a utilizalo de forma axeitada para garantir a conservación dos valores culturais que xustificaron a súa protección.

Cuarto: Que a Igrexa Católica é a titular do seu patrimonio histórico, artístico e documental que se pon a servizo da sociedade, titularidade que, a tenor da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto da lexislación aplicable, a Xunta de Galicia reconece, así como a súa natureza e finalidade relixiosa e o uso relixioso dos mesmos que se desenvolve de forma compatible coa función cultural que posúe o devandito patrimonio.

Quinto: Que a Diocese de Lugo ten a facultade de poñer a disposición da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria os bens culturais que se relacionan no Anexo de Intervencións que acompaña ao presente convenio. Entre estes bens pódense atopar edificios, retablos, pinturas murais e outros bens artísticos de natureza inmovible, posuidores de valor cultural e protexidos ao seren considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a Diocese de Lugo para a **posta a disposición dos terreos e inmoables necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmoables eclesiásticos incluídos no anexo de intervencións vinculadas ao presente Convenio.**

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrencia pública, xa que o estado de deterioro progresivo dos inmoables incluídos nos listado de actuacións do presente convenio podería afectar aos elementos construtivos, estruturais ou funcionais dos inmoables ou as decoracións, policromías, capas de preparación ou soporte e estruturas dos bens artísticos, polo que é necesario a realización das actuacións descritas no anexo de intervencións e así evitar a perda destes bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia. Por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

No Anexo de Intervencións que forma parte do presente convenio recóllese de forma ordenada a relación de inmoables sobre os que se ten previsto actuar, identificándoos e indicando para cada un deles o seu réxime de protección e o obxecto da actuación que se pretende desenvolver, así como os datos



representativos do proxecto de restauración e obras para as que se acorda a posta a disposición dos terreos e inmobles.

Segunda.- Obrigas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións relacionadas no Anexo de Intervencións do presente Convenio, ou das sucesivas addendas, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, en función das súas dispoñibilidades económicas e mediante a tramitación dos instrumentos xurídicos oportunos.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, conforme á lexislación de aplicación e á tramitación e procedementos establecidos para a contratación polas administración públicas, supervisará e aprobará os proxectos e contratará as obras e servizos relacionados no Anexo de Intervencións do presente convenio.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través dos seus servizos técnicos e dos profesionais alleos contratados para realizar a dirección facultativa dos traballos, realizará o seguimento das obras e o control económico e técnico das mesmas.

A relación de obras recollidas no anexo así como a relación de inmobles eclesiásticos que van a ser obxecto das intervencións poden ser obxecto de modificación ao longo do período de vixencia do presente convenio, incorporando novos edificios, bens e intervencións ou retirando os xa incorporados nos que non sexa posible chegar a formalizar a contratación das obras. Estas variacións do listado incluído no Anexo de Intervencións serán recollidas en sucesivas addendas ao presente convenio que teñan por obxecto a actualización da lista de intervencións previstas ao abeiro do mesmo.

Para aqueles inmobles que se retiren do Anexo de Intervencións, a posta a disposición de terreos e inmobles necesarios para a execución da obra realizada polo titular do ben a favor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quedará sen efecto, non asumindo por isto a consellería ningún outro compromiso ou responsabilidade ante o propietario.

Terceira.- Obrigas da Diocese de Lugo

Pola súa banda, a Diocese de Lugo autoriza a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio.

Unha vez rematadas as obras, a entidade titular asumirá a xestión, mantemento e conservación dos inmobles dos que sexa titular. Para estes efectos, unha vez recibidas as obras pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, poñerao no seu coñecemento, entendéndose que a citada comunicación determina o nacemento das obrigas previstas nesta cláusula.



Cuarta.- Comisión Paritaria

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Sexta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a completa finalización das obras a realizar sobre os inmobles obxecto da posta a disposición. En calquera caso, a duración do presente convenio será determinada e non superior aos catro anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior, de acordo co artigo 49.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sétima.- Réxime Xurídico

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria,

O bispo da Diocese de Lugo

Román Rodríguez González



ANEXO DE INTERVENCIÓNS VINCULADAS AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A DIOCESE DE LUGO

BEN: Catedral de Santa María de Lugo
SITUACIÓN: Praza do Pío XII, Lugo (Lugo)
PROTECCIÓN: declarada BIC con categoría de monumento polo Decreto de 03.06.1931 publicado en GAC do 04.06.1931

O actual conxunto catedralicio está formado polo propio templo e os espazos que o serven, que foron aparecendo ao longo da súa historia, tales como as capelas do Pilar, da virxe dos Ollos Grandes e de San Froilán, a sancristía, o claustro e a sala capitular.

O templo consta de tres naves, transepto, capela Maior e a xirola gótica, con cinco capelas absidiais que substituíron ás tres capelas románicas que ao parecer conformaban a antiga cabeceira. A capela central foi substituída pola rotonda da virxe dos Ollos Grandes, deseñada por Fernando Casas y Novoa a comezos do século XVIII.

Consta de varios accesos. A fachada principal, de estilo neoclásico aos pés da igrexa, substituíu na segunda metade do século XVIII á ruínosa fachada románica. Foi deseñada en base aos planos de Julián Sánchez Bort e consta de tres portas e dúas torres, que se remataron a finais do século XIX. Durante a campaña de reconstrución da fachada aumentouse o número de tramos da igrexa. Previamente, o enxeñeiro Carlos Lemaux proxectou a reforma da capela Maior.

Á catedral accédese tamén desde a praza de Santa María, atravesando a porta norte, no testeiro do brazo norte do cruceiro, portada románica trasladada con toda probabilidade ao seu actual emprazamento desde outro anterior non identificado. O pórtico norte acubilla a porta norte, de principios do século XVI, que corresponde ao gótico final con novidades renacentistas. Xunto a el elévase a torre vella que se rematou a finais do século XVI.

A finais do século XVII Domingo de Andrade adosou a sancristía ao testeiro do lado sur. Tamén no lado sur e substituíndo a outro anterior construíuse o claustro procesional, obra dos mestres frei Gabriel Casas e Fernando de Casas y Novoa.

A sala capitular, realizada a finais do século XVII por Domingo de Andrade, tivo que ser reformada despois de construír a fachada principal por Miguel Ferro Caaveiro.

Entre as capelas menores destaca a actual capela do Pilar, unión da capela dos Reis e a primitiva de San Froilán, góticas do século XIV, que ocupan os catro primeiros tramos da nave. O espazo situado entre esta capela e a torre norte da fachada principal está ocupado pola actual capela de San Froilán, edificada no último terzo do século XVIII.

Nun tempo histórico non determinado, anque se cre moi probable que fora o mesmo da sala capitular, edificáronse na esquina suroeste do templo as vivendas para canónigos.



- Intervención programada:

1. Acondicionamento de baixo cuberta das antigas sancristías e capela de San Froilán da catedral de Lugo

- Xustificación da intervención:

Recentemente leváronse a cabo obras de renovación do Museo catedralicio polo que xurde a necesidade de crear un espazo de acopio e almacenaxe das pezas non expostas. Considérase que o baixocuberta das antigas sancristías e da capela de San Froilán sería un lugar idóneo por atoparse nun espazo acaroadado ao museo e no seu mesmo nivel.

- Actuacións propostas:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto. Estes traballos resúmense en:

- Demolición de fábricas de ladrillo e mampostería para crear espazos máis amplos e liberar elementos específicos como son os arcos románicos.
- Formación de estrutura metálica portante (protexida con pintura intumescente) que substitúa aos tabiques de ladrillo que se demolen. Execución de novas fábricas adecuadas á distribución definitiva.
- Limpeza de fábricas pétreas e novo rexuntado con morteiro de cal nas que sexa preciso.
- Enfoscado das fábricas de ladrillo tanto novas como xa existentes e formación de falsos teitos de cartón xeso con illamento.
- Impermeabilización e remates na zona de encontro do forxado de cuberta cos contrafortes románicos.
- Formación de pavimento de tarima de carballo sobre subestrutura de madeira no trasdós das bóvedas.
- Colocación de lucernarios na cuberta e carpinterías metálicas nos ocos que agora están cegados.
- Acabado pintado en paramentos horizontais e verticais.
- Montaxe de instalación eléctrica e de extracción de aire.



BEN: Igrexa do Mosteiro de San Vincenzo do Pino

SITUACIÓN: Barrio de San Vincenzo, Monforte (Lugo)

PROTECCIÓN: Ben catalogado segundo o que determina a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016) ao estar recollido no Inventario do patrimonio histórico-artístico do concello de Monforte de Lemos, incluído no Anexo 3 das Normas complementarias e subsidiarias do planeamento da provincia de Lugo, aprobadas pola Orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas do 03.04.1991

A igrexa do mosteiro construíuse entre os anos 1539 e 1600. Traballaron na obra os mestres Gregorio Faton e Pedro de Morlones.

Planta de cruz latina coa nave principal dividida en tres tramos cubertos con bóveda de tracería e a transversal noutros tres, os extremos con bóveda nervada e o central de tracería. Tamén ten tres ábsidas na cabeceira e a sancristía está acaroada á absidiola esquerda.

A capela maior ten unha complexa bóveda de tracería en estrela.

Os muros son de cantería (sillería e mampostería) e o pavimento de pedra.

A torre ten dous corpos. A fachada principal é renacentista composta tamén por dous corpos, o inferior coa portada abucinaada con tres arquivoltas e a superior coroada por un frontón recto cun óculo. Ten outras dúas portadas laterais, unha no treito central do muro dereito e outra no alzado esquerdo do brazo norte.

O retablo maior é do século XVIII e ten tamén outros retablos laterais, todos eles de interese.

Do resto do mosteiro é salientable a fachada principal, do segundo terzo do século XVII coa portada principal flanqueada por columnas dóricas e friso, balcón e escudo de España na parte superior e coroamento coa escultura de San Bieito.

O claustro é do século XVIII con arcos de medio punto na planta baixa que arrincan de columnas cadradas, segundo piso cos arracos sobre columnas xemelgas e o superior con ventás rectangulares.

- Intervención programada:

1 Restauración das fachadas da igrexa do mosteiro de San Vincenzo do Pino, Monforte

- Xustificación da intervención:

A continua entrada de auga a través dos muros provoca a deterioración dos paramentos exteriores e interiores así como dos revestimentos destes últimos e das pinturas murais.

- Actuacións propostas:

Para frear a deterioración dos paramentos e atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto. Estes resúmense en:

- Eliminación de plantas e axentes biolóxicos.
- Limpeza de sillería con saneamento das xuntas danadas.
- Limpeza de mampostería e posterior revocadura con morteiro de calidade.
- Restauración ou renovación de carpinterías de madeira.



BEN: Igrexa de San Cristovo de Cancelo

SITUACIÓN: Cancelo, Triacastela, Lugo

PROTECCIÓN: Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia

A igrexa parroquial encóntrase no poboado de Cancelo, o maior dos tres que constitúen esta parroquia. Leva un amplo e robusto cabido protexendo a porta do templo con dous arcos de acceso de pezas de granito. Unha escalinata de pedra, no lateral norte sobre o pórtico, para servizo das campás. O pórtico cóbrese a dúas augas. O templo conserva vestixios románicos. Nave a dúas augas, sobre armadura de madeira con catro trabes tirantes. No lateral norte seteira e ventá inferior que semella de orixe románica, con mochetas saíntes e lintel monolítico; no lateral sur seteira e sancristía. Neste mesmo lateral existe unha pedra con tres buracos, empregábana os veciños para partilla de augas. Pía bautismal, 0,80, e pía de auga bendita, 0,75, gallonadas. Pavimento de pedra e madeira. Espadana con dous vans. Portada en arco de medio punto. Ábsida semicircular, máis baixa e reducida que a nave. Conserva varios modillóns, algúns historiados, dúas cabezas humanas, poutas de ave apresando unha bola, cabeza de animal e outros lisos. Arco triunfal dobre, de medio punto, en aresta, sobre impostas e pilastras. Sobre o arco, un ventanal que dá luz ao interior. Bóveda de cuarto de laranxa, con cornisa corrida, sinxela; seteira en lateral sur.

- Intervención programada:

1 Restauración de urxencia na pintura mural e na mesa de altar do retablo maior de cabeceira da igrexa de San Cristovo de Cancelo

- Xustificación da intervención:

As condicións do inmovble están na actualidade repercutindo no conxunto, podendo observarse que diversas intervencións na igrexa danan en grande medida as pinturas murais e o retablo maior do presbiterio da igrexa:

-O deterioro dos morteiros dos paramentos exteriores.

-A substitución do solado orixinal por outro de terrazo sobre cama de cemento directamente sobre o terreo.

-A inexistencia dun sistema de recollida de augas (canlóns ou drenaxes).

O desafortunado da situación anteriormente sinalada está permitindo a afluencia de augas pluviais do exterior ao interior do edificio.

A revisión ocular no ámbito que alcanza a vista amosa danos nos paramentos murais, especialmente na zona norte ata o arranque da bóveda (representación da escena da Última Cea e arcosolio finxido), observándose a seguinte patoloxía:

-Disgregacións do morteiro de soporte de policromía mural. Esta patoloxía amósase de xeito alarmante na escena da Última Cea e o arcosolio finxido.

-Desprendemento do soporte orixinal onde xa só se atopa o *arriccio* que se amosa en situación de desunión ao muro.

-Eflorescencias salinas que provocan disgregacións dos morteiros orixinais e de reintegración. Veladuras en superficie e carbonatacións.

-Migración de restos orgánicos do interior do muro cara as áreas de policromía.



Así mesmo, no retablo maior, e especialmente no seu frontal de altar por mor das mesmas afeccións ao inmovible, estanse a producir alteracións no soporte, podéndose observar fungos de podremia.

- Actuacións propostas:

Os traballos necesarios para acadar o obxecto da actuación no conxunto mural deberán ser levadas a cabo as seguintes actuacións:

- Tratamentos biocidas.
- Eliminación de morteiros alleos.
- Consolidación de soporte. Suxeición de zonas en perigo de desprendemento.
- Fixación de policromías.
- Tratamento de sales.
- Toma de datos: medicións termohigrométricas, mapas de sales, concrecións e colonizacións biolóxicas. Establecendo periodicidade de resultados en relación coa intervención na arquitectura do inmovible.
- No retablo levarase a cabo a intervención no frontal do altar, aplicando tratamentos antifungos e consolidando o soporte lígneo.
 - Posteriormente á execución destes traballos deberá presentarse unha memoria final que detalle os procedementos técnicos levados a cabo, extrapolándoos ao resto do conxunto mural do presbiterio e ao retablo maior, co obxecto da súa conxunta recuperación.



BEN: Mosteiro e igrexa de san Salvador de Vilar de Donas
SITUACIÓN: Vilar de Donas, Palas de Rei, Lugo
PROTECCIÓN: Ben de Interese Cultural (BOE do 03/06/1931)

Igrexa románica do primeiro cuarto do s. XIII, declarada Monumento Histórico-artístico, que formou parte do antigo mosteiro alí situado pertencente á Orde de Santiago.

De planta de cruz latina, con nave principal e cruceiro rectangulares, ábsida central semicircular e dúas absidiolas que dan á nave transversal. Frontis con bela portada de arco abucinado de medio punto, con catro arquivoltas sobre columnas con capiteis profusamente decorados. Coroada por tornachoivas sostido por elegante friso, sobre o que descansan as estatuas de san Miguel, san Bartolomé e a Virxe co Neno. Unhas arcadas exteriores perpendiculares á fachada, completan o monumento, fabricado con cadeirado granítico e cuberto con lousa.

O interior é de gran calidade e produce sensación de armonía.

A ornamentación arquitectónica tamén é moi reducida, e tan so son dignos de mención os arcos das fiestras e os capiteis. Á marxe de ser tan parca, sobresaen as pinturas murais que decoran a ábsida central coma un retablo, que forman un dos conxuntos máis destacados e mellor conservados de Galicia. Trátase dunha creación gótica realizada con motivo do Ano Santo compostelán de 1434, en tempos de Juan II, monarca protector dos peregrinos. Polo que se refire a aspectos técnicos, percíbese a impronta de polo menos tres autores distintos. Recoñécense escenas coma a do misterio da Anunciación, con María e o arcanxo San Gabriel, flanqueando a fiestra que ilumina o altar. Entre os personaxes que asisten á escena atópanse dous aos que a tradición popular chamaba Bela e Elvira, e identificábaas coas donas fundadoras da igrexa, aínda que parece que se trata dunha dama e un cabaleiro ataviados con roupas da época.

Tamén resulta interesante a pintura da parte superior, correspondente á bóveda da ábsida, caracterizada por un forte simbolismo que alude á bóveda celeste onde se representa a Cristo como xuíz nunha aureola mística sostida por anxos. Na parte baixa está Cristo Varón de Dores entre os reis Juan I e María de Aragón e o seu fillo Enrique.

Dada a condición de mausoleo desta igrexa consérvanse os sepulcros e as lápidas esculpidas de varios dos cabaleiros de Santiago alí enterrados con armas de diversas familias. Unha das obras sepulcrais pertence ao cabaleiro Fernando Ares Noguero. A urna sitúase encima de dous leóns que gardan un xabaril na cabeceira.

- Intervención programada

1 Restauración da pintura mural da ábsida (exceptuando a restaurada zona da epístola) así como tratamentos biocidas nos paramentos interiores da igrexa de san Salvador de Vilar de Donas

- Xustificación da intervención:

A intervención atalla as necesidades descritas acometendo as obras necesarias que acadan a solución da patoloxía detectada e permitan a recuperación do ben cultural tanto nos aspectos estruturais como de policromía. As necesidades son de recuperación da estabilidade da pintura mural.



As pinturas murais obxecto da actuación presentan patoloxías tales como morteiros e concrecións alleos, capas polícromas debilitadas, sucidade en superficie, colonizacións biolóxicas e lagoas de materiais e cromáticas polo que cómpre executar os traballos destinados á súa restauración.

A realización dunha primeira recollida de bordes permitirá unha suxeición previa á restauración, que terá como obxectivo eliminar estratos de morteiros que cobren de xeito irregular a superficie mural disturbando a súa observación.

Posteriormente cómpre eliminar elementos de biodeterioro para proceder a estabilizar a adhesión entre estratos e destes ao muro, como labor prioritario que asegure a estabilidade do conxunto. A fixación de estratos así como a reintegración de morteiros e cromática terá como obxectivo devolver á pintura mural a súa correcta lectura iconográfica.

- **Actuacións propostas**

Os traballos necesarios para acadar o obxecto da actuación son:

- Estudos históricos e artísticos.
- Controis temporais de temperatura e humidade.
- Estudos lumínicos e/ou radiográficos, análise de policromías e morteiros, análise do soporte pétreo, vinculando os resultados con anteriores intervencións de restauración (zona restaurada da epístola da cabeceira e zona con intervención curativa na bóveda).
- Elaboración de mapas do estado de conservación.
- Eliminación de morteiros e concrecións alleos á obra.
- Limpeza da superficie. Estudio da colonización biolóxica e tratamentos contra o biodeterioro.
- Consolidación do soporte. Fixación de estratos polícromos.
- Reposición de morteiros.
- Reintegración cromática.
- Controis dos procesos de secado.
- Aplicación de biocida por toda a superficie dos paramentos interiores da igrexa (nave, cruceiro e capelas ou absidiolos do cruceiro) que están afectados por colonizacións biolóxicas.